

XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

1. Introducción

“Sen o relato da diáspora, a historia de Galicia estaría mancada”. Estas palabras de Xosé Neira Vilas, voz literaria da emigración e do rural galego, cobran hoxe especial relevancia, pois non poderían ser nin máis honestas nin máis certas.

Nun contexto tan complexo como aquela Galicia rural de principios do século XX, a emigración abriuse paso na nosa terra como un camiño polo que transitar cara á procura dunha vida mellor, ata o punto de que Galicia se converteu na rexión española que máis emigrantes achegou ao intenso proceso migratorio español transoceánico.


Un proceso que protagonizaron miles de galegos anónimos aos que hoxe queremos, ou tratamos, de lles poñer nome e rostro e que saben, mellor ca ninguén, que Galicia non cabe nun mapa, que a nosa é unha terra que carece de fronteiras e chega ata o último recanto do planeta no que vive un galego.

Porque se algo nos identifica aos galegos é a nosa capacidade de superación, de afrontar retos con máis ou menos serenidade, pero sempre co convencemento de que o deber está por encima dos medos e das dificultades.

E hoxe Galicia ten ante si un reto tan complexo como apaixonante: o demográfico.

2. O reto demográfico

A ninguén se lle escapa que Galicia, coma o resto de Occidente, está experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis significativos da súa dinámica demográfica, compartidos con España e coa inmensa maioría de países desenvolvidos, son o incremento da esperanza de vida e a variación da fecundidade.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE


Unha redución que se relaciona moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de mocidade, consecuencia das dificultades que atopan os nosos mozos na transición cara á vida adulta. A este respecto cabe considerar varios aspectos que caracterizan o conxunto da sociedade occidental, como son o atraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío ou o progresivo incremento da idade media para a primeira maternidade.

Así mesmo, esta crise demográfica relaciónase tamén dun modo directo cun cambio nos marcos de convivencia e no desenvolvemento das estruturas familiares, ligadas á evolución do propio estado de benestar.

Un escenario ao que, no caso de Galicia, cabe engadirle unha estrutura poboacional afectada aínda polos procesos migratorios do século pasado, que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e repercutiron no comportamento do conxunto de variables demográficas, o que deu como resultado unha pirámide poboacional con maior envellecemento e con problemas de renovación xeracional.

Galicia atópase inmersa, por tanto, nunha radical transformación das súas estruturas sociais e a súa situación demográfica enxérgase como un dos grandes retos aos que terá que facer fronte durante os próximos anos, polo que resulta imprescindible tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito. Para iso é necesario adoptar novos enfoques e traballar de modo conxunto e con visión de futuro, fixando accións estables a medio e longo prazo.

Co fin de facilitar o coñecemento pormenorizado da realidade demográfica de Galicia e de asesorar as administracións públicas créase en 2017 o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Para emitir o seu informe *Galicia: perspectivas demográfica*, constituíronse 5 grupos de traballo, un deles é o de Emigración/Inmigración e que estaba conformado por



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

representantes dos sindicatos máis representativos (CIG, UXT, CSIF-Galicia e CCOO), das tres universidades galegas, de todos os grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, a CEG, a Fegamp, o CES, así como representantes da Xunta de Galicia (o secretario xeral da Emigración e o director xeral de Inclusión) e do Estado español (un representante da Delegación do Goberno en Galicia).

No informe *Galicia: perspectivas demográfica*,ponse de manifesto a importancia do retorno no problema demográfico que, aínda que non é o único remedio para este gran mal, constitúe unha das liñas estratéxicas fundamentais de solución e, en especial, o retorno en idades novas tal e como está acontecendo na actualidade en Galicia. Outra das características destacables deste retorno, e que se resalta neste informe, é que en Galicia está protagonizado tamén polos descendentes daqueles homes e mulleres que partiron da nosa terra nas anteriores xeracións, o que implica en moitos casos a chegada de membros da súa familia, que non son españois; por tanto, teñen a condición de inmigrantes, o que incrementa significativamente os datos de retorno.

3. O retorno, dereito e oportunidade

Tanto a Constitución española, no seu artigo 42, no que se dispón que “o Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara ao seu retorno”, coma o artigo 4.3 do noso Estatuto de autonomía, no que se configura o retorno como un principio reitor da política social e económica da nosa comunidade autónoma ao facer efectivo “o dereito dos galegos a vivir e traballar na propia terra”, son un mandato claro e supoñen a necesaria implicación da Xunta de Galicia na formulación de políticas que favorezan o retorno dos emigrantes galegos e dos seus descendentes.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE


Pero, ademais, debemos ser conscientes de que a nosa terra dispón dun gran activo capaz de converterse nun dos alicerces fundamentais sobre os que afrontar este reto demográfico: os miles de galegos de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da nosa comunidade, pero que conservan un forte vínculo coa terra que viu partir os seus pais e avós.

Un vínculo que logramos manter inquebrantable, en gran medida, grazas ao esforzo realizado desde a propia Administración autonómica, cos distintos programas destinados á emigración en todo o mundo. Un labor encamiñado a que calquera galego, sexa cal sexa o seu lugar de residencia, siga sentindo Galicia como propia e aposte por desenvolver aquí a súa traxectoria persoal e profesional. Porque, sen dúbida, e seguro que a maioría estaremos de acordo neste punto, Galicia é a mellor opción para vivir.

O retorno é unha oportunidade de xustiza para miles de galegos, pero é tamén unha solución eficiente e pragmática para afrontar este gran desafío demográfico. A atracción de nova poboación é unha das maiores potencialidades da nosa terra: primeiro, porque temos medio millón de galegos vivindo fóra e, segundo, porque somos unha terra de acollida cunha enorme sensibilidade coa inmigración, xa que fomos un pobo emigrante.

Non en balde, se atendemos só ás cifras do último ano, o regreso de galegos á comunidade permitiu diminuír o balance negativo entre nacementos e falecementos rexistrados. En 2018, Galicia perdeu case 16.000 persoas, pero grazas ao retorno esta perda apenas supuxo o 0,1 % da poboación. Se non chega a ser por eses miles de retornados, estaríamos neste momento por debaixo dos 2.700.000 habitantes.

O retorno non é, por tanto, un simple dereito de todos os galegos emigrados, senón que se configura como unha oportunidade extraordinaria que nos ofrece a historia de Galicia para superar o complexo reto demográfico que temos por diante.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

Este é o motivo do nacemento dun proxecto que o Goberno galego cualifica de amplo, ambicioso e de carácter transversal. Un proxecto que implica todos os seus departamentos na problemática demográfica e na responsabilidade de traballar para lles facilitar a volta á súa terra aos galegos e galegas do exterior, o que inclúe tanto os emigrantes coma os seus descendentes. Trátase da Estratexia Retorna 2020.


4. A Estratexia Retorna 2020

Un plan que busca dar continuidade ao traballo realizado durante o último lustro pola propia Administración autonómica, cando máis de 31.400 galegos e galegas do exterior recibiron axudas económicas directas por motivos sociosanitarios e asistenciais.

a. Análise da situación



A análise dos datos da presenza da cidadanía galega no exterior sinala un incremento progresivo dos galegos residentes no estranxeiro (é dicir, a suma dos emigrantes que naceron en Galicia e que marcharon e a dos seus descendentes) nos últimos anos, mentres diminúe o número de galegos nados en Galicia residentes no exterior.


O número total de galegos residentes no exterior, tanto os emigrantes coma os seus descendentes, ascende a 519.646 persoas o 1 de xaneiro de 2019, 136.047 máis que en 2009. Así mesmo, segue decrecendo a cifra de emigrantes que naceron en Galicia e marcharon ao estranxeiro, co que se mantén a tendencia dos últimos anos, cunha diminución de 2.549 persoas nun só ano e de 12.905 nos últimos 10 anos.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE






XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE




Pero, máis alá deste crecemento natural de galegos no exterior, as estatísticas reflicten cifras aínda máis esperanzadoras en materia de retorno: máis de 7.000 persoas regresaron a Galicia en 2018, unha cifra superior aos 6.548 galegos retornados o ano anterior.



Deste xeito, o 2018 converteuse no quinto ano consecutivo de crecemento do retorno a Galicia, e cabe destacar algunha cifra de especial interese:

- Máis do 53 % dos retornados son menores de 45 anos.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

- Só na última década volveron á comunidade máis de 40.000 galegos, tanto de nacemento coma descendentes.
- O retorno a Galicia multiplicouse por máis de dous e creceu un 127 % na última década, co que pasou das 3.085 persoas de 2009 ás 7.024 do ano 2018.
- O saldo migratorio de Galicia en 2018 foi positivo en 13.136 persoas, das que máis da metade, 7.014, son menores de 30 anos.
- No caso das persoas procedentes doutros países, a comunidade autónoma recibiu 12.884 habitantes máis dos que saíron, o que supón un incremento que case dobra a cifra de 2017, cando entraron en territorio galego 6882 persoas máis das que saíron.
- O saldo migratorio co resto de España creceu nun 220,57 %, o que deixou unhas cifras positivas en 252 habitantes, na súa maioría españois, cun incremento do 264,81 % respecto a 2017 e un saldo en termos absolutos de 178 persoas máis.
- Galicia ten o terceiro maior saldo migratorio de españois co exterior de toda España, é dicir, foi a terceira comunidade autónoma que gañou máis poboación con nacionalidade española procedente do estranxeiro, con 2.885 persoas só en 2018.

b. O retorno ante o reto demográfico

Todas estas cifras poñen de manifesto a importancia que pode e debe ter o retorno á hora de afrontar o reto demográfico ao que nos referiamos con anterioridade.

A aposta debe ser forte porque, como demostran as estatísticas, os galegos queren volver. E para iso resulta imprescindible seguir dándolles razóns abundas para que elixan Galicia como lugar para establecerse definitivamente e formar unha familia. Aproveitar ese *know-how*, esa experiencia e ese valor



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

engadido xeracional require dun esforzo visible e real por parte da Administración galega.

Porque nin Galicia nin o resto de España é a que eles, ou a que os seus pais ou avós, deixaron hai anos. Hai cousas que mellorar e queda moito por facer, e hai que comezar por lles ofrecer facilidades, axudas e apoio. Esa é a responsabilidade que todos temos con eles, coas súas familias e con nós mesmos.


c. Metas e liñas de actuación

A Estratexia Retorna, aprobada polo Goberno de Galicia, inclúe máis de medio centenar de medidas e persegue os seguintes obxectivos:

- Incrementar o número de retornados nun 50 %.
- Alcanzar o regreso de máis de 20.000 galegos.
- Lograr que o 60 % dos que retornen —12.000 persoas— teñan menos de 45 anos, o que contribuirá ao rexuvenecemento da poboación galega.
- Destinar a esta estratexia máis de 15 millóns de euros só en medidas específicas.
- E investir outros 220 millóns en medidas transversais que inclúen incentivos adicionais para todos os retornados.

Para conseguir estes obxectivos, consideramos que calquera estratexia, acción ou programa para o retorno debe sustentarse sobre unha serie de liñas de actuación esenciais:

- Facilitar instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior.
- Xestionar de maneira integral a información de interese e o asesoramento técnico para a persoa que pensa retornar e as que xa retornaron a través dunha plataforma única.
- Intensificar o apoio integral ás familias no retorno.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE


- Promover a continuidade educativa dos retornados e dos seus familiares.
- Facilitar a participación nos programas de inclusión sociolaboral, reforzando a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral e apostar por programas de desenvolvemento persoal de mozos retornados.
- Promover con incentivos específicos a incorporación laboral dos retornados.
- Intensificar o apoio, o emprendemento e o autoemprego dos galegos retornados, en especial no rural galego.
- Incentivar a captación de capitais e proxectos empresariais para os investimentos dos galegos retornados na Galicia territorial e dos grandes investidores de orixe galega e facilitar a súa participación no accionariado de empresas galegas.

d. Áreas e medidas

O desenvolvemento de todas estas liñas de actuación ten que sustentarse en diferentes áreas, que abarcan as distintas inquietudes e campos que o retornado demanda para facilitar a súa volta.

Así, na **área do traballo e do emprendemento** —unha das de maior importancia, senón a que máis, para lograr a volta dun emigrante—, débense establecer unha serie de medidas que fomenten a contratación de traballadores e o emprendemento, así como a incorporación do colectivo dos galegos retornados nas medidas que xa ten en marcha a Administración autonómica, e que suman un investimento próximo aos 115 millóns de euros.

Deste xeito, a aposta comprende desde o reforzo das axudas directas a retornados emprendedores da Secretaría Xeral da Emigración, como a



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

inclusión de incentivos específicos para o colectivo dos retornados nas axudas a emprendedores do resto de departamentos da Xunta de Galicia.

Aínda que é certo que, desde a publicación desta estratexia, existen diversos programas nos que se incluíu a figura do retornado, entre os que destacan os seguintes:

- Programa de fomento e consolidación de emprego nas pemes de nova creación.
- Programa de incentivos á contratación na empresa común.
- Programa para o financiamento de accións formativas co compromiso de contratación.
- Programa Aprot Economía Social, destinado a fomentar a incorporación de traballadores en cooperativas e sociedades laborais.
- Programa Aprot Rural, que fomenta o emprego en colaboración coas entidades locais.
- Galicia Rural Emprende, que ten por finalidade a creación de empresas para actividades non agrícolas no rural.
- Programa Emega, para iniciativas empresariais constituídas por mulleres.
- Programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), que pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria.

Neste campo, a realidade dinos que a decisión de retorno das persoas máis novas é moi complicada e está moi motivada por factores como a temporalidade e os salarios. É por iso que se deben reforzar os esforzos por parte das administracións públicas, incentivando e apoiando aquelas empresas que xeren emprego de calidade, con contratos de longa duración/indefinidos e salarios de calidade. Sen dúbida, se logramos estes obxectivos, facilitaríamos



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

enormemente a decisión de retornar por parte dos galegos residentes no exterior en idade laboral.

Tamén é fundamental que nas plataformas das administracións públicas creen espazos onde as empresas e os traballadores poidan compartir as súas demandas e ofertas de emprego para que desde calquera parte do mundo se poidan informar da situación do mercado laboral de Galicia.

Pero tamén ten que ser un obxectivo primordial desta estratexia ofrecer un **apoio integral ás familias** galegas que retornen á nosa terra, cunha serie de medidas que cheguen a todos os seus integrantes e desde todas as esferas da vida. Así:

- Axudas extraordinarias a galegos retornados para facer fronte ás causas sobrevindas derivadas do retorno, aínda que é certo que o orzamento destas axudas se multiplicou case por dez, debido á situación económica, social e mesmo de crise humanitaria en certos países nos que residen os nosos concidadáns. De todos os xeitos, estas axudas deben ser reforzadas todo o necesario mentres estas situacións sigan estando vixentes.
- Incorporouse unha nova liña de axudas para familias de retornados con fillos menores de idade que se establezan en Galicia de 1000 euros por neno ata o segundo fillo e de 1500 euros a partir do terceiro, cun incremento do 25 % se a residencia familiar está fixada no rural.
- Adapta as especiais circunstancias das familias retornadas para acceder desde o seu empadramento a todas as medidas favorecedoras da natalidade, como a Tarxeta Benvida.
- Tenta facilitar a participación das persoas retornadas nos programas de inclusión social, para facilitar a súa aproximación á realidade da Galicia actual e para lles dar visibilidade ás medidas favorecedoras da conciliación familiar.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE


No ámbito da formación, é fundamental a incorporación inmediata das persoas retornadas e dos seus descendentes no sistema de ensino público, para que poidan continuar a súa formación sen interrupcións e para que se incorporen ao ano académico que corresponda. Tamén é fundamental o acceso ás bolsas e demais axudas que posibilite que aqueles que desexen estudar poidan facelo.

En relación á formación académica, na Estratexia Retorna recolléronse liñas de actuación como as seguintes:

- A creación dunha nova liña de bolsas para os galegos do exterior co fin de que cursen estudos de formación profesional na nosa comunidade, cunha contía de ata 5000 euros.
- Bolsas Excelencia Mocidade Exterior, coas que os mozos galegos do exterior poden vir a Galicia cursar un mestrado.
- A inclusión do colectivo dos estudantes retornados nas axudas destinadas ao alumnado das universidades galegas que, por causas sobrevindas e imprevistas, teña dificultades económicas para continuar os estudos.
- A implementación de facilidades para incorporar centros públicos e concertados dos menores retornados para que continúen a súa formación

O certo é que nesta materia existe unha problemática que non é menor, xa que moitos dos profesionais que retornan a Galicia e ao resto de comunidades do noso país non poden exercer a súa actividade profesional ata que teñen homologadas as súas titulacións, procedemento que non en poucas ocasións se dilata durante máis dun ano.

Así mesmo, é fundamental facer un esforzo na área **da investigación, do desenvolvemento e da innovación**, coa finalidade de promover o retorno de investigadores á Galicia territorial, fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento e institucións que traballen no campo do



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE


I+D+i. Neste ámbito, algunhas das liñas coas que está traballando a Xunta de Galicia son:

- Programa Oportunus, dirixido á captación e ao retorno de investigadores de ata 35 anos.
- Programa Principia, que busca fomentar a incorporación de persoal técnico e investigador novo nas nosas empresas e centros de coñecemento.
- Programa Talento Sénior, destinado a fomentar a captación internacional ou a retención de investigadores excelentes ou especialmente cualificados.
- Potenciar a Rede Galega de Aceleradoras da Innovación para, entre outros fins, captar proxectos desenvolvidos por investigadores e emprendedores no estranxeiro.

Na área de **vivenda**, deberíase facer un esforzo por parte das administracións públicas, xa que se trata dun dos campos fundamentais para a integración na sociedade galega. É unha realidade frecuente que unha familia queira arrendar unha vivenda e se atope dificultades como o pago da fianza ou achegar nóminas cando acaba de chegar a Galicia. Algunhas das medidas vixentes na actualidade e das que poderían beneficiarse as persoas retornadas son:

- Acceso ás vivendas de promoción pública dos emigrantes retornados, facilitando a súa inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acceso ás axudas ao alugamento dos emigrantes retornados desde o seu empadramento.
- Inclusión nos programas de axudas para a rehabilitación de vivendas ás persoas emigrantes retornadas.

e. Conclusiones




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

Galicia, como país vivo que é, escribe cada día a súa historia e, con ela, o seu futuro. Co paso do tempo, a realidade da nosa comunidade autónoma mudou en moitos aspectos, desde o demográfico ata o tecnolóxico e industrial. Certo é que aquela Galicia da que saíron os nosos ascendentes nada ten que ver coa Galicia de hoxe.

O fenómeno da emigración, tan vinculado historicamente á nosa terra, está a experimentar unha tendencia que, por primeira vez en décadas, axuda a revertir a situación que durante o século pasado levou a tantos galegos a deixar a comunidade cara a outros países e continentes. Por iso, e porque esta nova realidade social e económica trae consigo novos retos, se non queremos que estes desafíos se convertan no talón de Aquiles de Galicia, o Goberno autonómico debe traballar para conseguir certos obxectivos, que son os que deben compartir e comparten as políticas de retorno:

- Atraer galegos residentes no exterior, tanto os que retornan coma os que se instalan na comunidade por primeira vez.
- Ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas.
- Facilitar a súa integración educativa e laboral.
- Premiar a contratación de longa duración e de calidade.
- Facilitar o rexistro de parellas de feito das parellas retornas, solicitando a inscrición nun concello da comunidade autónoma (como en moitas comunidades autónomas de España), pero non a veciñanza civil dun dos membros.
- Promover todas as medidas á súa disposición para que as familias retornadas poidan acceder a unha vivenda, ben en réxime de alugamento ou en propiedade.
- Traballar coas administracións competentes para que as familias mixtas, na que algún ou algúns dos seus membros non teñen nacionalidade



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

española, poidan acceder aos permisos de residencia e traballo de forma fácil e rápida.

- Traballar coas administracións competentes para facilitar e axilizar a homologación de títulos universitarios.
- Analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o fomento do retorno.

Conscientes e coñecedores desta situación, debemos traballar para lograr estes obxectivos.

O obxectivo é lograr unha actuación integral que lles ofrezca todas as garantías aos galegos retornados de que Galicia é a mellor opción para establecerse, tanto persoal coma profesionalmente. Por iso, a atención que reciban debe abarcar un proceso amplo, de principio a fin, e deseñado especificamente en función de cada caso.

Débese aspirar a ambiciosos obxectivos a medio e longo prazo, como son o incremento do número de galegos retornados, para superar o importante reto demográfico ao que se enfrenta a nosa comunidade, do mesmo xeito que toda España e Europa.

En definitiva, os galegos e as galegas temos que ver o retorno como o que é: non unicamente un dereito de todos os emigrantes e dos seus descendentes, senón tamén unha oportunidade extraordinaria que nos ofrece a historia de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019